

PROTOCOLO PARA A REGULACIÓN DAS VALIDACIÓN E ADAPTACIÓN

1.- A MELLORA DO PROCESO DE VALIDACIÓN E ADAPTACIÓN COMO OBJETIVO DE CALIDADE.

Das auditorías levadas a cabo para a certificación do sistema de xestión de calidade da USC, púxose en evidencia unha falla de unidade de criterio na aplicación dos criterios establecidos no proceso PXA-07 "Adaptacións, validacións e recoñecementos", e como consecuencia un reiterado e case xeneralizado incumprimento nos prazos de emisión de informes por parte dos centros que nos levan a superar con moito os límites establecidos na xestión de indicadores.

A fin de paliar esta situación, que podería poñer en perigo a renovación da certificación, e para evitar ter que tomar outro tipo de medidas faise preciso, de acordo coa proposta ACP/24, establecer criterios uniformes de actuación no que se refire á resolución de adaptacións, validacións e recoñecemento de estudos.

A mellora do proceso e a redución de tempos de resposta nestes procedementos é un obxectivo de calidade deseñado polo comité de dirección a proposta dos responsables de calidade dos diferentes servizos implicados no sistema de xestión de calidade.

Para estes efectos deseñase un novo sistema de validacións/adaptacións que ten como eixe:

- Novos prazos de presentación de instancias para que os centros concentren en períodos concretos as reunións de validacións.
- Novos procedementos para que os centros só se pronuncien sobre novas validacións ou materias específicas, sendo responsables as UUXA da análise e contestación de materias troncais e das validacións sobre as que os centros xa se pronunciaron.
- Establecemento de criterios comúns para todos os centros, que eviten a dispersión de pronunciamentos.
- Un apoio tecnolóxico baseado na plataforma Xescampus que axilice as relacións entre as UXA e os centros.

Modificación dos prazos de solicitude:

Para axilizar os procesos de resposta aos pedimentos de validación prevense para o curso 05/06 novos prazos de presentación de solicitudes, en concreto os seguintes:

1º.- Do 1 ao 31 de xullo:

Alumnos que superaron todas as materias das que están matriculados na convocatoria ordinaria (febreiro/xuño); e alumnos de convocatorias anteriores ou que non están pendentes da convocatoria de setembro.

2º.- Do 1 ao 31 de outubro:

Alumnos que non superaron todas as materias das que están matriculados nas convocatorias ordinarias (pendentes de setembro).

Alumnos de validacións parciais de estudos estranxeiros.

3º.- Do 1 ao 31 de marzo:

Alumnos que remataron estudos na convocatoria de febreiro ou fin de carreira.

Deste xeito, ao seren os prazos un en xullo, outro en outubro e outro en marzo, **os centros deben de planificar con antelación unha reunión das súas comisións de validación** a mediados dos meses de setembro, novembro e abril, respectivamente.

Preténdese así que o prazo para a emisión de informe se retrase o menos posible e que unha vez feito o informe se remita urxentemente ás Unidades de Xestión Académica para a emisión da resolución.

Outros prazos

- Para os alumnos que soliciten validación parcial de estudos estranxeiros establecerase un prazo que comprenderá do 1 de xullo ao 15 de setembro.
- Para os alumnos que remataron estudos en convocatorias anteriores establecerase un prazo do 1 ao 31 de marzo.
- Para as titulacións con cota de traslado, o prazo será do 1 ao 31 de xullo.

Os alumnos admitidos para continuación de estudos deberán solicitar a validación/adaptación no prazo de matrícula ordinaria que lle corresponda.

2.- PROCEDEMENTO

Actuación do Servizo e das Unidades de Xestión:

As solicitudes de adaptación e de validación para as que se dispoña de táboas, ou que traten só de materias troncais integramente superadas e haxa información suficiente para a resolución, resolveranse dentro do mes seguinte ao remate do prazo de presentación de solicitudes conforme ao modelo establecido.

Nos supostos nos que non se dispoña de táboas ou información suficiente para a resolución, solicitarase o preceptivo informe do centro no prazo máximo dos quince días seguintes ao remate do prazo de presentación de solicitudes.

A solicitude de documentación aos alumnos será a imprescindible para a resolución do expediente, sen prexuízo de pedir a documentación necesaria durante a tramitación do mesmo ao abeiro do art. 71 da LRXAP-PAC.

Deste xeito, para os alumnos que cursaron estudos na USC, abondará con achegar extracto do expediente académico. Para os alumnos que cursaron estudos noutras universidades españolas abondará con copia simple da

certificación de estudos. Neste suposto deberán achegar programas das materias superadas, agás das materias troncais. Non serán necesarios os programas das materias troncais en caso de ter integramente superada a troncalidade. Os programas serán necesarios no caso de que a materia estea dividida en disciplinas e só se teñan superado parte delas.

Cos pedimentos de validacións parciais de estudos estranxeiros achegárase a documentación suficientemente acreditativa e debidamente legalizada, así como programas de todas as materias que figuren superadas. Así mesmo deberá acreditarse a carga lectiva das materias e o sistema de cualificacións de procedencia.

A Unidade ou o Servizo remitirá copia simple da documentación ao centro para informe. En todos os casos, o control sobre a legalidade da documentación correspóndelle á unidade encargada da resolución.

Estas solicitudes resolveranse nos quince días seguintes á recepción do informe.

Nas resolucións das validacións e adaptacións daráselle ao alumno novo prazo de dez días para a formalización ou modificación da súa matrícula naquelas materias que non lle foran validadas ou adaptadas, sen que se poidan anular materias non relacionadas coa petición de validación e materias xa impartidas e avaliadas.

Actuación dos centros:

Os centros emitirán os seus informes dentro dos vinte días seguintes a recepción das peticións. Este prazo ampliarase a 30 días nos casos en que o número de expedientes a informar supere os 50. Procurarase que os informes estean remitidos ás UUXA antes do 30 de setembro, 30 de novembro e 30 de abril, segundo o período de solicitudes de que se trate.

Para estes efectos, os centros terán prevista a actuación das comisións de validacións como mínimo en tres ocasións que deberán coincidir coa 2ª quincena de setembro, novembro e abril.

De ser necesaria a opinión de algún profesor ou departamento, deberá solicitarse por escrito debendo manifestarse igualmente por escrito no prazo dunha semana, nos modelos que se aproben ao efecto.

Se algún dos informes non puidera ser evacuado nos prazos correspondentes por estar pendente do parecer dalgún profesor ou departamento, deberán ser remitidos todos os demais dentro do prazo, facendo constar a dita circunstancia.

No caso de que as comisións necesitaran coñecer os programas dalgunha materia impartida na USC deberán solicitalo ao centro ou departamento correspondente a través do xestor do centro.

Os centros manterán bases de datos que lles permitan aplicar criterios uniformes e evitar teren que solicitar programas ou documentación innecesaria.

Os centros deberán emitir informe razoado sobre a denegación das validacións. No caso de propoñer a validación deberá especificarse a nota cuantitativa e cualitativa outorgada conforme ao establecido no Anexo I deste protocolo, agás que a nota de orixe non permita determinar a nota numérica.

O incumprimento dos prazos establecidos e o conseguinte retraso na tramitación deste proceso pode dar lugar a unha avaliación negativa dos centros no sistema de xestión de calidade

Actuación dos xestores académicos

Os xestores académicos dos centros serán os encargados da coordinación deste procedemento nos centros, facilitando e controlando a convocatoria das comisións técnicas, a transcripción dos seus acordos e a remisión dos informes, así como de solucionar as incidencias detectadas. Tamén serán o órgano de relación coas UUXÁ ou co Servizo de Xestión Académica.

3.- SISTEMA INFORMÁTICO

Na aplicación Xescampus incorporárase un módulo que facilite a relación entre os centros e as UUXA e que acurte os tempos de emisión de informes creando unha base de datos en cada centro coas validacións e adaptacións realizadas, de tal modo que non procederá apartarse de criterios precedentes, salvo erros ou cambios de criterio debidamente xustificadas. Estas bases de datos poderán ser utilizadas para dar información aos alumnos e para resolver as adaptacións e as validacións nas UUXA.

O módulo de Xescampus para rexistrar as validacións terá a funcionalidade que se indica a seguir:

- Os centros disporían dunha utilidade que permitise elaborar táboas de validación e adaptación entre planos doutras universidades e planos da Universidade de Santiago, cunha estrutura análoga á que se emprega actualmente nas táboas de adaptación dos planos da Universidade.
- Estas táboas de validacións e adaptacións débense alimentar cos resultados das decisións das comisións de validacións ou de docencia con respecto aos expedientes de validación que resolven. O centro anotaría as validacións concedidas para a relación plano externo - plano USC e podería consultar os precedentes.
- As unidades de xestión académica poderían consultar as táboas elaboradas polos centros e empregaren esta axuda ao realizaren as validacións e adaptacións de materias procedentes doutras universidades

A aplicación terá información relevante para a toma de decisións (Normativa, Criterios, Modelos, Táboas de equivalencia con estudos estranxeiros, etc.) e facilitaría o histórico das decisións adoptadas polas distintas Comisións.

Para alumnos procedentes de titulacións impartidas en centros de procedencia distintos da USC, procurarase utilizar aplicacións informáticas comúns que permitan capturar a información de orixe.

En todo caso, a introdución dos datos que conforman as táboas de validacións e adaptacións na aplicación informática, non exime da obriga de emitir informe escrito, onde se dea conta dos acordos da comisión competente en materia de validacións.

4.- SISTEMA DE SEGUIMIENTO

Como medida de apoio á mellora deste procedemento débense fomentar reunións cos xestores académicos (sobre os que debe pilotar o control das resolucións das comisións académicas) e de ser o caso cos directores e/ou secretarios de centros para conciencialos da importancia de resolucións rápidas e academicamente ben fundadas para evitar resolucións revogatorias posteriores; así como buscar que os planos de estudo sexan o mais homoxéneos posibles co resto das universidades en materias troncais ou en materias comúns dos futuros planos de estudo.

Así mesmo existirá un control a través do comité de calidade e do comité de dirección para evitar que os indicadores deste proceso cumpran cos límites de control propostos.

I.-ANEXO NORMATIVO

PROCEDEMENTO

- As adaptacións e validacións son resoltas polo reitor tralo informe non vinculante de cada centro. Non será preciso este informe cando o alumno teña superada integramente a materia troncal.
- As comisións académicas de cada titulación poderán establecer táboas de adaptación ou validación entre materias de diferentes titulacións.
- As materias de libre elección superadas noutras titulacións da Universidade de Santiago de Compostela reconeceranse, sen necesidade de informe do centro, se esa titulación non figura como excluída de ser materia de libre elección por ter contidos idénticos ou similares para a titulación á que se pretenda imputar.
- As solicitudes de adaptación e validación de estudos das que exista táboa de equivalencias aprobada poderán presentarse durante todo o curso, se ben non dan dereito a modificar ou anular a matrícula salvo que se soliciten no período de matrícula ordinario.
- Se as disciplinas están incluídas no libro de adaptacións e validacións da USC, a adaptación resolverase de oficio nas UUXA sen pedir informe aos centros. Igualmente se resolverán nas UUXA, sen precisar de informe singular, as solicitudes sobre as que existan acordos sobre casos anteriores e así se reflicta no

sistema informático, salvo comunicación motivada das Comisións de Validacións ou de Docencia.

- O establecemento e mantemento de táboas de validación deberá realizarse a través do sistema informático polos propios centros, sen prexuízo das competencias do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica sobre o mantemento das táboas de adaptación/validación de acordo coas propostas que eleven os Centros.
- Non se poderán cursar materias sobre as que recaerá resolución de adaptación.
- A resolución que termine o procedemento ditarase polos xefes das UUXA por delegación do reitor e contra ela caberá recurso que será tramitado pola OARMP.

CRITERIOS XERAIS EN MATERIA DE ADAPTACIÓN E VALIDACIÓN

Estes criterios figuran no Acordo do 25 de outubro de 2004 do *Consejo de Coordinación Universitaria* (BOE 15 de marzo de 2005) e supoñen o desenvolvemento do art. 36.1 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades

a) Criterios para estudos españois

1.- Entre estudos conducentes a un **mesmo título** oficial:

- a) Ata tanto se implanten os planos de estudos correspondentes á nova estrutura das ensinanzas universitarias establecida polo Real Decreto 55/2005, de 21 de xaneiro, procederase á adaptación do primeiro ciclo completo das ensinanzas universitarias de dous ciclos conducentes á obtención dun único título oficial.
- b) Procederase á adaptación das materias troncais¹ ou contidos formativos comúns totalmente superados no centro de procedencia.
- c) Cando as materias troncais ou os contidos formativos comúns non fosen superados na súa totalidade nos centros de procedencia, poderase realizar a adaptación daquelas materias cuxo contido e carga lectiva sexan equivalentes.
- d) No caso de materias obrigatorias ou optativas, ou de contidos formativos específicos determinados discrecionalmente pola Universidade, poderase realizar a adaptación daquelas materias cuxo contido e carga lectiva sexan equivalentes.

As disciplinas e materias adaptadas figurarán con esta denominación no expediente da Universidade de destino que, nas certificacións que emita, deberá facer constar as materias que son adaptadas e, logo da solicitude do

¹ No art. 43.2.2 das *Normas de Xestión Académica* sinalase que "Se a materia troncal dividise en disciplinas, a declaración de validación farase respecto da materia e singularizaríase por cada unha das disciplinas das que conste. Se a materia troncal non a tivese integramente superada, por estar dividida en disciplinas, a declaración de adaptación farase exclusivamente respecto das disciplinas que tivera superadas".

interesado, librar certificación das cualificacións que consten no documento oficial da Universidade de procedencia.

e) Adaptaranse os créditos de libre elección cursados, de ser o caso, polo alumno na Universidade de procedencia.

2.- Nos estudos conducentes a distintos títulos oficiais serán validables aquelas materias cuxo contido e carga lectiva sexan equivalentes.

3.- As materias validadas terán a equivalencia en puntos correspondente á cualificación obtida no centro de procedencia; para as materias adaptadas computarase a cualificación obtida no centro de procedencia; e o recoñecemento de créditos nos que non exista verificación non se terá en conta aos efectos de ponderación.

b) Criterios xerais en materia de validación de estudos universitarios estranxeiros:

1. Serán susceptibles de validación as materias aprobadas no plano de estudos conducente á obtención dun título estranxeiro de educación superior, cando o contido e carga lectiva das mesmas sexan equivalentes aos das correspondentes materias incluídas nun plano de estudos conducente á obtención dun título oficial. A validación de estudos parciais poderá solicitarse nos seguintes supostos:

a) Cando os estudos realizados ao abeiro dun sistema estranxeiro non concluíran coa obtención do correspondente título.

b) Cando os estudos concluíran coa obtención dun título estranxeiro e o interesado non solicitara a homologación por un título universitario oficial español.

c) Cando, tendo solicitada a homologación do título estranxeiro, esta fora denegada, sempre que a denegación non se fundara nalgunha das causas recollidas no artigo 5 do R.D. 285/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan as condicións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación superior.

2. As materias validadas terán a equivalencia en puntos correspondente á cualificación obtida no centro estranxeiro de procedencia. Para estes efectos, as Universidades deberán establecer as correspondentes equivalencias entre as cualificacións numéricas ou cualitativas obtidas no centro estranxeiro e as cualificacións previstas no R.D. 1125/2003, do 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

3. Para os estudantes que non sexan nacionais de Estados que teñan como lingua oficial o castelán, as Universidades poderán establecer as probas de idiomas que consideren pertinentes.

CRITERIOS ESPECÍFICOS NA USC EN MATERIA DE ADAPTACIÓNS E VALIDACIÓNS

As Normas de Xestión Académica da USC (artigos 42 e ss.) establecen algunhas peculiaridades nesta materia, así como concretan nalgúns casos os criterios do CCU:

ADAPTACIÓNS

- Co obxecto de facilitar a conclusión dos estudos polos planos en procesos de extinción, mantense a posibilidade de autorizar a realización ata un máximo de tres materias conforme ao plano renovado para que sexan imputadas a un plano en proceso de extinción.
- En caso de adaptación por causa de substitución de planos de estudos estarase ao disposto nos cadros de adaptación que establezan os respectivos planos de estudo.
- As materias, seminarios ou actividades académicas que figuren no expediente para a libre configuración curricular, serán adaptadas en calquera suposto.

VALIDACIÓNS

Son susceptibles de seren validadas as materias ou disciplinas que formen parte de planos de estudos conducentes a títulos oficiais, xa se impartan en universidades públicas, privadas ou da Igrexa ou en centros adscritos a calquera delas. Igualmente serán validables as materias cursadas en réxime de equivalencia.

Por acordo do Consello de Goberno ou por convenios do SUG estableceranse os estudos que sen teren carácter universitario poidan ser susceptibles de seren validados (FP...).

Os criterios que se seguirán nestes expedientes poderán ser, ademais dos establecidos no acordo de CCU, os seguintes que se reflicten no art. 46:

1ª.- A unidade básica de validación será a disciplina, con contido e carga lectiva que sexan equivalentes, indiferentemente do ciclo e titulación na que sexa impartida.

2ª.- Non procederá en ningún suposto a validación como materias para a libre configuración curricular daquelas que sexan de contido idéntico ou semellante ás que formen parte do plano de estudos que está a realizar o alumno.

3ª.- Así mesmo, tampouco poderán ser validables para a libre configuración curricular as materias, créditos por equivalencia, seminarios ou actividades que formen parte dun título ou ciclo de estudos que dean acceso a titulacións de só segundo ciclo ou a segundos ciclos conducentes a títulos diferentes aos iniciados.

CRITERIOS ESPECÍFICOS

- No caso de alumnos provenientes doutras universidades a adaptación realizarse de oficio. O expediente de adaptación deberá conter:
 - Resolución de admisión.
 - Certificación Académica.
 - BOE co plano de estudos.
 - Programas das materias, de ser o caso.

- O procedemento de adaptación terá que seguir os seguintes criterios:
 - Producirase sempre a adaptación do primeiro ciclo completo de ensinanzas universitarias de dous ciclos cando se superara o primeiro ciclo completo no plano de procedencia, sen prexuízo de que, para a obtención do título, agás no caso de medicina ou arquitectura, sexa necesario acreditar polo menos a superación de 300 créditos.
 - Deben establecerse os criterios para valorar os primeiros ciclos superados na súa totalidade, diferenciado se foron superados conforme planos de estudo anteriores ou posteriores ás directrices xerais do RD 1497/87.
 - A adaptación de ciclo por cambio de plano pode significar a realización de créditos complementarios correspondentes ao primeiro ciclo.
 - As materias individuais que na universidade de orixe estean adscritas ao primeiro ciclo, e na USC correspondan ao segundo ciclo, poderán ser adaptadas pola correspondente materia de segundo ciclo da USC. Neste caso, o estudante deberá completar os créditos cursando outra ou outras materias para completar os seus estudos.

- A adaptación das materias troncais totalmente superadas nos centros de procedencia realizarase de oficio na UXA sen solicitar informe ao centro, xa que non se valoran contidos nin carga lectiva. A cualificación outorgada nas materias será a da troncal de orixe, realizándose, se fose o caso, a media ponderada das materias que conforman a materia de orixe.
 - A adaptación de materias troncais non superadas totalmente realizarase atendendo a que o contido e a carga lectiva sexan equivalentes, o que non quere dicir que sexan idénticas.
 - As Comisións de Validacións ou de Docencia aplicarán os criterios establecidos e emitirán un informe sobre a equivalencia dos contidos de orixe cos das materias da materia troncal obxecto de adaptación.
 - As Comisións de Validacións ou de Docencia poderán establecer contidos formativos complementarios de non existir equivalencia de materias troncais. Unha vez superados os contidos formativos

procederáse á adaptación da troncalidade.

- A adaptación de materias obrigatorias e optativas requirirá a declaración de equivalencia de contidos e carga lectiva. Para establecer esta equivalencia terase en conta unicamente materias obrigatorias, optativas ou, se é o caso, as de libre configuración curricular. As Comisións de Validacións ou de Docencia aplicarán os criterios establecidos e emitirán informe sobre a equivalencia dos contidos de orixe e as materias obrigatorias u optativas da USC.
- As materias de libre configuración adaptaranse sempre que previamente non se tiveran en conta na adaptación doutros contidos obrigatorios ou optativos. Recoñecerase a totalidade das actividades formativas de libre configuración incluídas na Certificación Académica Oficial.
- Os créditos cursados por equivalencia (TAD, prácticas, etc.) nunha titulación non poderán ser obxecto de validación noutra titulación distinta. 9 Para a resolución das adaptacións atenderase á información contida no plano de estudos publicado no BOE así como nos programas oficiais das materias.
- No caso das mesmas titulacións da USC con idéntico plan de estudos pero impartidas en distintos centros, aínda que estes sexan adscritos, non será necesario realizar ningún tipo de adaptación, recoñecéndose de plano os estudos cursados.
- As validacións realizaranse en todo caso sobre os estudos realizados, non sendo susceptible de validación actos de validación. Deste xeito e como criterio xeral, para determinar os efectos de validación deberase acudir ás materias de orixe realmente cursadas. Este criterio non se terá en conta no caso de adaptacións de plans de estudos da USC.

SISTEMA DE CUALIFICACIÓNS

O Consello de Goberno desta Universidade acordou, na súa sesión do 22 de decembro de 2003, aprobar a adaptación das normas da USC á normativa estatal sobre cualificacións, por entrada en vigor do Real Decreto 1125/2003, do 5 de setembro (B.O.E. do 18 de setembro de 2003). Neste acordo régulase a escala de cualificacións numéricas aplicables na avaliación dos alumnos.

Nos normas 44 e 47 das Normas de Xestión Académica régulase a cualificación que é aplicable ás materias que son adaptadas ou validadas, de acordo co que se regula no anexo I do Real Decreto 1497/1987, do 27 de novembro, na redacción introducida polo Real Decreto 1267/1994, do 10 de xuño, e modificado na disposición adicional única do Real Decreto 1044/2003, do 1 de agosto (B.O.E. do 11 de setembro).

Cómpre regular as cualificacións que son aplicables ás materias que se adapten ou validen, para determinar cando procede facer constar as

cualificacións numéricas:

1) Cando se adapta ou valida unha materia por unha ou máis materias, a cualificación que se fará constar é a da materia de orixe, é dicir, só se indicará a cualificación numérica cando a materia superada fora avaliada con este tipo de cualificación

2) Se se adaptan 2 ou máis materias por unha ou máis materias, a cualificación que corresponde aplicar será a seguinte:

a) Se algunha das materias superadas só ten cualificación cualitativa, farase a media ponderada tendo en conta só as cualificacións cualitativas, aínda que algunha das materias tivera cualificación numérica, e na/s materia/s adaptada/s ou validada/s figurará só a cualificación cualitativa resultante. Neste caso, aplicarase a escala de cualificacións que se regula na norma 17.3 das Normas de Xestión Académica.

b) Se as materias superadas teñen cualificación numérica, a cualificación da/s materia/s adaptada/s ou validada/s será a media ponderada destas cualificacións, aplicándose a cualificación numérica resultante con expresión dun decimal, de acordo co que se regula no artigo 17.1 das Normas de Xestión Académica, modificado polo Acordo do Consello de Goberno do 22 de decembro de 2003.

Para o cálculo da media ponderada, procederase á suma dos créditos das materias superadas multiplicados cada un deles polo valor da cualificación que corresponda e dividido polo número de créditos totais destas materias. A equivalencia de cualificacións para obter a media ponderada regulado no apartado

2.a é a que se establece na norma 17.3 das Normas de Xestión Académica.

Só procederá a cualificación de Matrícula de Honra cando o alumno obtivera esta mención en todas as materias que dan orixe á adaptación ou validación desa materia.

ANEXO II. CARACTERES DO MÓDULO INFORMÁTICO PARA A RESOLUCIÓN DE ADAPTACIÓNS E VALIDACIÓN DE MATERIAS

Contexto

A resolución de adaptacións e validacións de materias consecuencia dos traslados de expedientes de alumnos procedentes doutras universidades é responsabilidade das comisións de docencia dos centros. Ata o momento, os precedentes de adaptación ou validación de materias non se gardan en ningún sistema de acceso universal para os xestores que están involucrados na resolución destes expedientes.

Así pois, a consulta destes precedentes queda limitado aos medios de que cada centro se teña dotado para consultar o histórico de resolucións e non están a disposición dos funcionarios encargados de dar traslado ao expediente ás decisións sobre adaptacións e validacións.

Obxectivos

Co fin de reparar estas deficiencias é preciso implementar unha solución que dea resposta ás seguintes necesidades:

- Gardar nunha estrutura estandarizada as decisións sobre validacións e adaptacións de materias doutras universidade adoptadas polas comisións dos centros
- Poñer a disposición das unidades administrativas implicadas na xestión destes expedientes a información relativa aos precedentes de validación e adaptación
- Integrar as decisións de validación e adaptación nos sistemas informáticos de xestión académica

Accións

Para desenvolver estes obxectivos precisamos realizar as seguintes accións:

1. Recoller as resolucións de adaptación e validación na aplicación informática de Xestión Académica (actualmente XesCampus)

Desenvolver unha estrutura na aplicación informática de Xestión Académica que permita a introdución de materias de plans doutras universidades e a elaboración de cadros de adaptación e validación entres as materias dos plans doutras universidade e os da Universidade de Santiago de Compostela.

Os plans doutras universidades daranse de alta na estrutura xa preparada para o tratamento dos traslados de expedientes. Desta forma será posible aproveitar a información na resolución dos expedientes de traslados nas Unidades de Xestión Académica.

Para recoller os acordos das Comisións dos centros é necesario elaborar un cadro de adaptacións ou validacións que recolla as equivalencias entre materias ou grupos de materias procedentes doutras universidades e as da

USC. Estes cadros relacionarán as materias dun plan de estudos doutra universidade coas dun plan de estudos da USC.

Ademais das equivalencias entre materias, os centros poderán establecer as equivalencias entre os sistemas de cualificacións da USC e os das outras universidades.

2. Permitir a consulta dos cadros de adaptacións e validacións nos centros e unidades. Mostrar os cadros de adaptacións ou validacións no módulo de consultas na aplicación informática de Xestión Académica para que sexan accesibles aos centros e ás unidades de Xestión.

3. Integrar os cadros de adaptacións e validacións no procedemento de xestión de traslados de na aplicación informática de Xestión Académica. Utilizar os cadros de adaptación ou validación para propoñer automaticamente as adaptacións e validacións na resolución dos expedientes de traslados.

Formularios


A aplicación recollerá os distintos formularios de tramitación do expediente, en particular os de pedimento de informes, elaboración de informes dos centros e o modelo de Resolución, de tal xeito que a información contida neles poida ser utilizada polos órganos que interveñen no procedemento

DILIXENCIA para facer constar, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello Goberno da Universidade, na súa sesión do día 24 de abril de 2006, **acordou aprobar o presente “Protocolo para a regulación das validacións e adaptacións”** Co Visto e Prace do Excmo. e Magfco. Sr. Reitor.



Santiago de Compostela, 26 de abril de 2006

Vº e Pr
O REITOR

O SECRETARIO XERAL



Senén Barro Ameneiro



Joaquín Rodríguez -Toubes Muñiz